

SOLICITUDE TARXETA APARCAMENTO DE RESIDENTES POR RAZÓN DE MUNICIPIO

REQUISITOS:

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do termo municipal do Concello de Santiago.
- Que o vehículo, segundo o Permiso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta (excepto réxime de renting) e que o domicilio no que se paga o imposto coincida co anterior.
- Que o solicitante e o vehículo para o que se interesa o distintivo non teña pendentes sancións por infracción á normativa de tráfico.
- Que se trate dun turismo vehículo, triciclo ou cuadríciclo cabinado.

Soamente poderá dispoñerse dun distintivo de residente por vehículo, sendo incompatibles os distintivos de residente por razón de domicilio, sexa particular ou profesional, co distintivo de residente por razón de municipio.

Nas zonas libres do sistema de regulación (ORA) o horario de estacionamento para os titulares da tarxeta de residente por razón de municipio, será de **8,00 a 20,00** horas.

Nas zonas reguladas pola ORA o horario de estacionamento, previo pago da correspondente taxa, será de **4** horas. (de 10 a 14 h e de 16,30 a 20,30 hrs.) agás nas zonas de curta duración que será de **2** horas.

Documentación a presentar para vehículo en propiedade:

1. Solicitud en impreso oficial
2. Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
3. Comprobante de pago da taxa correspondente, segundo a Ordenanza Fiscal vixente.
4. Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, aportando fotocopia de identificación do representante e autorización asinada polo representado.
5. Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
6. Fotocopia do último recibo pagado do seguro.

Documentación a presentar para residentes con vehículo en réxime de leasing ou renting:

- A mesma que se esixe no parágrafo anterior e, a maiores, fotocopia do contrato de leasing ou renting. (É necesario mostrar o orixinal para o seu cotexo)

Documentación a presentar para residentes con vehículo de empresa:

1. Solicitud en impreso oficial
2. Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
3. Comprobante de haber pagado a taxa correspondente, segundo a Ordenanza Fiscal vixente.
4. Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, aportando fotocopia de identificación do representante e autorización asinada polo representado.
5. Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
6. Fotocopia do último recibo pagado do seguro.
7. Autorización da empresa para facer uso do vehículo de maneira única e exclusiva e fóra do horario de traballo.